

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Novembro 2006 COMUNICADO

No que vai de 2006 os prezos de importación creceron 2,6 puntos porcentuais por riba dos prezos de exportación.

O índice de prezos das exportacións creceu un 3,8% en novembro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 3,8% en novembro de 2006 con respecto a novembro de 2005. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada un 3,7%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 10,2%; pola contra os prezos dos bens intermedios e dos bens de equipo decreceron un 0,1% e un 3,9% respectivamente.

O índice de prezos das importacións creceu un 4,7% en novembro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 4,7% en novembro de 2006 con respecto a novembro de 2005. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións tamén creceron un 4,7%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e dos bens de intermedios creceron un 0,7% e un 4,1% respectivamente, mentres que os bens de equipo decreceron un 2,2%.


Índices de valor unitario. Novembro 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	107,6	3,8%	4,1%
Importacións/introduccións	109,5	4,7%	6,7%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	105,1	3,7%	4,1%
Importacións/introduccións	107,7	4,7%	6,7%

FOIITE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FOIITE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>